

A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (en adiante ETSAC) dispón de taquillas grandes, ubicadas na planta segunda e pequenas, situadas no primeiro semisoto e nas entreplantas das escaleiras para o uso gratuito e universal da súa comunidade. As taquillas son propiedade da ETSAC que xestionará o seu uso da mesma maneira que o resto das súas instalacións. A xestión das taquillas poderá ser delegada pola ETSAC en grupos de estudantes, organizados para tal fin, sen que por esta misión poidan recibir remuneración económica ou compensación académica algunha. Perderán a condición delegada de xestores cando demostraran negligencia no desenvolvemento da misión encomendada.

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA

NORMATIVA DE USO DAS TAQUILLAS

(20.12..11)

- 1- USUARIOS:** poderá optar ó uso das taquillas o alumnado da ETSAC, matriculado en calquera das titulacións ou que estuden na ETSAC mediante un contrato de estudos (Erasmus, Séneca, etc). Perderán a condición de usuarios os que finalizasen os estudos ou non se matriculasen, situación que será comunicada. As taquillas poderán ser usadas de xeito individual ou en grupo, facéndose todos os compoñentes igualmente responsables desta e do uso que fagan os seus compañeiros.
- 2- NORMAS DE USO:** **cédese o uso da taquilla coa finalidade de gardar material académico. A taquilla deberá manterse limpa e en bo estado, deixándoa en perfectas condicións ó devolvela.** Prohíbese acumular produtos nocivos ou perecedoiros. **A responsabilidade do contido da taquilla será única e exclusivamente dos usuarios desta. Nin a Escola nin os administradores das taquillas asumen a responsabilidade** en roubos, desaparicións, desperfectos ou calquera acontecemento. Non se asume responsabilidade sobre os anteriores usuarios (non se cambiarán as pechaduras). **Os usuarios farán uso da súa taquilla pola súa conta e risco.**
O non cumprimento desta normativa poderá supor a perda da condición de usuario, de xeito temporal ou indefinido. **Poderá ser causa da retirada da condición de usuario: o mal uso, desperfectos, non devolución da chave orixinal ou das súas copias, cambio de candado, non comunicación de baixa, etc.** Os administradores terán copia da chave de cada taquilla. As taquillas poderán ser abertas polo incumprimento desta normativa. Todo isto sen prexuízo doutras accións que se poidan emprender.
- 3- PROCEDIMIENTO:** **ao inicio de cada curso abrírase un procedemento de adxudicación, renovación e cambio de taquillas.** O procedemento fixará as condicións e prazos, que deberán ser respectados. Prohíbese apropiarse dunha taquilla, así como cambiar o candado ou intercambiala sen autorización. Os datos persoais recolleranse nunha base de datos co fin de administrar as taquillas. **Non presentar a solicitude en tempo e forma suporá a perda dos dereitos.**

- **Renovación:** todos os usuarios deberán seguir matriculados. Os grupos que usen unha taquilla poderán cambiar os seus integrantes, esta modificación será comunicada cos datos dos novos membros e dos antigos que cursen baixa. Os antigos usuarios devolverán a súa copia da chave.
- **Cambio:** os alumnos poderán solicitar o cambio a unha taquilla situada noutra parte da escola, ou formar un grupo e solicitar unha taquilla maior. Esta solicitude terá prioridade sobre as novas adxudicacións, e a súa aceptación dependerá da dispoñibilidade de taquillas. De non aceptarse poderá renovarse a actual. **Deberán devolverse as chaves da antiga.**
- **Adxudicación:** poderase solicitar unha taquilla individualmente ou en grupo. Adxudicaranse as taquillas máis grandes ós grupos de máis membros. Os solicitantes individuais recibirán unha taquilla menor. **O criterio de adxudicación será por orde de petición. A concesión supeditase á dispoñibilidade de taquillas.** O alumno ou grupo darán os seus datos e demostrarán a súa condición de alumnos (mostrando a matrícula). Poderá prestárselles unha chave da taquilla, a que deberán facer copias, requeríndoselles un carnet en depósito en tanto non devolvan a chave orixinal. **O servizo de taquillas é gratuito, se ben, as copias da chave poderán ser sufragadas polos alumnos, que as entregarán cando cursen baixa; pasando a ser estas chaves da Escola.**
- **Baixa:** os alumnos cursarán baixa cando non desexen seguir usando a taquilla, ou cando perdan a súa condición de usuario. Esta baixa comunicarase no prazo de renovacións ou, noutro intre se fose o caso. **Os alumnos que cursen baixa deberán deixar a taquilla libre e en perfectas condicións e entregar todas as copias das chaves que fixeran.**
- **Non renovacións:** transcorrido o prazo de renovación, entenderase que os alumnos que non a renovaron, cursaron baixa. Poderá requerírselles que entreguen a chave e liberen a taquilla. **As taquillas non renovadas serán abertas e o seu contido retirado.** Darase un prazo para a reclamación do seu contido. Ese prazo será anunciado na páxina web da ETSAC na taquilla afectada. Unha vez transcorrido este, o contido pasará a ser custodiado pola Escola durnate un cuatrimestre. Transcurrido este o material será destruído ou cedido a unha organización sen ánimo de lucro.

4- Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte do da súa publicación na web da ETSAC.

5- A solicitude de adxudicación, renovación ou cambio suporá a aceptación desta normativa.